



## VIII “CLÁSICA TGM-TOLDOS GÓMEZ” 2024

O sábado 7 de setembro de 2024 celebrarase a VIII edición da Clásica Tgm-Toldos Gómez 2024, carreira popular que organizará O Clube Deportivo Arzúa en colaboración coa empresa Toldos Gómez, o Concello de Arzúa e a Federación Galega de Atletismo.

As probas estarán baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e rexeranse polo seguinte:

### REGULAMENTO

#### Artigo 1. Participación:

Esta proba pertence ó calendario oficial de probas da Federación Galega de Atletismo e nela poderán participar atletas federados e non federados. Establecerase unha clasificación final conxunta de todos os participantes.

#### Artigo 2. Lugar de saída e meta das probas:

As probas terán a súa saída e meta na “**Praza de Galiza**” na localidade de Arzúa. Ubicación da mesma: <https://goo.gl/maps/aKbuK1RRvAuHhx2YA>


#### Artigo 3. Categorías, horarios e distancias das probas:

	CATEGORIA	ANOS DE NACEMENTO	DISTANCIA	HORARIO
<b>MENORES SEN CLASIFICACION</b>	PITUFOS (*)	2019 e seguintes	100m aprox.	17:30
<b>MENORES</b>	SUB 8	2017 - 2018	300m aprox.	17:40
	SUB 10	2015 - 2016	1000m aprox.	17:50
	SUB 12	2013 - 2014		
	SUB 14	2011 - 2012	2000m aprox.	18:10
	SUB 16	2009 - 2010		
<b>ABSOLUTA</b>	SUB 18	2007 - 2008	10k aprox.	18:30
	SUB 20	2005 - 2006		
	SUB 23	2002 - 2004		
	SENIOR	2001 ata 34 anos		
	MASTER 1	35 a 40 anos		
	MASTER 2	41 a 49 anos		
	MASTER 3	50 a 54 anos		
	MASTER 4	55 anos e superiores		
<b>ENTEGA DE PREMIOS ÁS 20:00h no lugar da saída / meta de proba</b>				

(\*) Poderán ir acompañados dun adulto

**Artigo 4. Percorridos:**


- **Percorrido 300m.**



- **Percorrido 1000m e 2000m, neste último daranse dúas voltas.**



- **Percorrido 10k**



**Artigo 5. Inscricións:**

O prazo de inscrición abrirase o xoves 1 de Agosto e pecharase o mércores 4 de setembro ás 23:59 horas.

As mesmas poderán realizarse na páxina web [www.emesports.es](http://www.emesports.es)

Cadro de prezos de inscrición:

PROBA	CATEGORÍAS	PREZO
10 K	De Sub 18 a Máster	7 €
2000 m	De Sub 14 a Sub 16	Gratuito
1000 m	Sub 10 e Sub 12	Gratuito
300 m	Sub 8	Gratuito
100 m	Pitufo	Gratuito

## **Artigo 6. Servizos complementarios:**

A organización poñerá a disposición dos participantes os seguintes servizos:

- Duchas e vestiarios no Polideportivo Municipal O Viso.  
<https://maps.app.goo.gl/kjVxShvEjSBYBP37>
- Servizo de gardarroupa.
- Avituallamento final para todas as categorías e no punto kilométrico 5 para a proba de 10 km.

## **Artigo 7. Retirada dorsais e chips:**

Os dorsais e chips recolleranse no lugar de saída / meta das probas (Praza de Galiza) o día da carreira dende as 16:00 h. ata 30 minutos antes do inicio de cada proba en cuestión. E tamén na mesma zona en recollida anticipada o venres 6 de setembro de 19:30 h. a 20:30 h.

## **Artigo 8. Colocación do dorsal:**

Durante a competición deberá levarse o dorsal na parte anterior do corpo, na zona próxima ao peito e de xeito totalmente visible, sen dobreces. Todo corredor/a que incumpra esta norma ou entre na liña de meta sen o dorsal será descualificado a criterio do xuíz árbitro da competición.

## **Artigo 9. Seguros:**

Todos os participantes inscritos estarán amparados por unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil concertada pola Federación Galega de Atletismo. Estarán excluídos os derivados dun padecemento latente, imprudencia, negligencia, inobservancia das leis, etc... Tamén quedarán excluídos os producidos por desprazamento a/ou desde o lugar no que se desenvolve a proba.

## **Artigo 10. Responsabilidade na inscrición:**

Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeo ou agasallo. Tampouco estará amparada polos seguros da proba. Quedará prohibido ceder o dorsal ou correr co dorsal outorgado a outro/a participante.

## Artigo 11. Servizos sanitarios obrigatorios:

A organización contará cos servizos sanitarios obrigatorios por lei, ambulancia e médico segundo volume de participantes.

## Artigo 12. Premios e agasallos:

Todos os participantes inscritos en tempo e prazo na proba recibirán un agasallo técnico da organización.

A maiores outorgaranse os seguintes trofeos:

- Trofeo ás/ós tres primeiras/os clasificadas/os das categorías Sub 8 a Sub 16, agás na categoría pitufo que non haberá clasificación.
- Trofeo ás/ós tres primeiras/os clasificadas/os de cada categoría absoluta (non acumulable) e ós 3 mellores equipos.
- Medallas a todas/os ás/os participantes ata a categoría Sub 16 (incluída). Outorgáraselle unha vez crucen a liña de meta.
- **Trofeo especial local**, á/ó primeira/o clasificada/o da proba absoluta (empadroado no Concello de Arzúa)

**Premio especial á/ó primeira/o clasificada/o de cada categoría** establecida no presente regulamento consistente nun **QUEIXO ARZÚA-ULLOA D.O.P.** de Queixerías Barral

## PREMIOS ECONÓMICOS

Premios en metálico individuais:

CATEGORÍA	POSTO	TROFEO	PREMIO
Absoluta homes/mulleres	1 <sup>º</sup> a	Si	175 €
Absoluta homes/mulleres	2 <sup>º</sup> a	Si	125 €
Absoluta homes/mulleres	3 <sup>º</sup> a	Si	100 €

Premios a clubs:

CATEGORÍA	POSTO	TROFEO	PREMIO
Equipos proba Absoluta	1 <sup>º</sup>	Si	200 €
Equipos proba Absoluta	2 <sup>º</sup>	Si	100 €
Equipos proba Absoluta	3 <sup>º</sup>	Si	75 €

**Premio especial récord da proba**, (acumulable) o atleta que gañe a proba absoluta 10k e supere o récord tanto en categoría masculina (31:35) como feminina (36:20) obterá un premio de 100€ .

## EQUIPOS:

Haberá unha clasificación por equipos (a composición poderá ser mixta) e confeccionarase no formulario de inscrición individual de cada un dos compoñentes do equipo, no apartado **“Participa na clasificación de clubs”**. A denominación do clube deberá ser igual tanto na formación de equipo como na inscrición individual.

A maiores deberase remitir un email coa relación de participantes e nome do equipo á dirección [clubedeportivoarzua@gmail.com](mailto:clubedeportivoarzua@gmail.com), dentro do prazo de inscrición da proba.

A clasificación dos equipos establecerase pola suma dos postos dos 8 primeiros clasificados do mesmo clube, optendo o mellor resultado o equipo que na suma acade un número menor e así sucesivamente. En caso de empate resolverase a favor do equipo no que o seu primeiro corredor teña o mellor posto na clasificación xeral.

Os premios en metálico estarán suxeitos ás retencións legais vixentes.

### **Artigo 13. Participación de atletas doutras federacións autonómicas e estranxeiros/as.**

Esta carreira está incluída no calendario autonómico da Federación Galega de Atletismo, polo cal a participación de atletas estranxeiros e doutras federacións autonómicas rexerese de acordo co disposto no regulamento de competición da Real Federación Española de Atletismo, que se pode consultar no seguinte ligazón:

<https://atletismorfea.es/sites/default/files/2024-03/Reglamento%20de%20Competici%C3%B3n.pdf>

### **Artigo 14. Vehículos.**

Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización. Os mesmos estarán debidamente sinalizados.

### **Artigo 15. Retirada de competición.**

Os servizos médicos da competición, os xuíces ou o persoal da organización, estarán facultados para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico, non realice o percorrido completo, non leve o dorsal visible ou manifeste un comportamento antideportivo.

### **Artigo 16. Reclamacións.**

As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ao xuíz árbitro da competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

### **Artigo 17. Modificación regulamento de competición.**

A organización resérvase o dereito a modificar este regulamento se as circunstancias así o aconsellasen (informando oportunamente). Todo o non recollido no presente regulamento resolverase de acordo ás normas para probas en ruta da **FGA** e **RFEA**, nesta orde.

### **Artigo 18. Aceptación do regulamento.**

Todos os participantes, no momento de facer a súa inscrición e polo feito de tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e en caso de dúbida ou de surxir algunha situación non reflexada no mesmo, aceptárase o que dispoña o Comité Organizador.

### **Artigo 19. Datos persoais.**

Ao inscribirse, todos os participantes, incluídos menores de idade, aceptan a publicación do seu nome, da súa imaxe e vídeos nas clasificacións, medios de comunicación e nos medios de dixitais da empresa organizadora e dos seus colaboradores.

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n 15008 A Coruña.